

Fecha: 10/03/2009

Nº 654

COPIA

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

AQUAE QUERQUEMINAE-VIA NOVA

*Nelson Rodicio Rodicio*

NOTARIO

Código de Notaría 153760039

Tel: 981 55 21 51

Fax: 981 57 54 05

Sede: C/41, 2/B

01010 - 36100 - Pontevedra

8Y4603448

05/2005

NELSON RODICIO RODICIO  
NOTARIO  
Calle Sema, 7-9, 1º A/B  
Tel: 981 55 21 53 Fax: 981 57 51 65  
SANTIAGO



JD

NUMERO SEISCENTOS CINCUENTA E CATRO

EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, a miña residencia,  
a dez de Marzo de dous mil nove.-----

Perante mín, **NELSON RODICIO RODICIO**, Notario do  
Ilustre Colexio de Galicia,-----

-----COMPARECE:-----

**DON LUIS FERNANDO QUIROGA PIÑEYRO**, maior  
de idade, casado, veciño de OLEIROS (A CORUÑA) con domi-  
cilio en PERILLO, AVDA. CHE GUEVARA, N.º 109. DNI  
**32288268V**.-----

INTERVEN en representación, como Presidente do Pa-  
droado da Fundación "AQUAE QUERQUENNAE-VIA NO-  
VA", domiciliada en Portoquintela-Bande (Ourense), constituída  
por tempo indefinido en escritura autorizada polo que foi No-  
tario de Santiago, Don José-Antonio Montero Pardo, de 2 de De-  
cembro de 1.999, nº 2.685, complementada por outra autorizada  
por el que fue Notario de Santiago, Don Domingo-Enrique Gutié-  
rrez Aller, de 14 de Enero de 2.000, nº 101, clasificada como de  
interese cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Admi-

nistración Pública do 2 de Xuño de 2.000 (D.O.G. nº 118 do 19 de Xuño), e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, de 3 de Xullo de 2.000 (D.O.G. nº 140, do 19 de Xullo), figurando inscrita no Rexistro de Fundacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública con número 2000/12; C.I.F. G32269276. Su nombramiento y aceptación, resultan de reunión do Padroado, celebrada o día 12 de Marzo de 2.007, como me acredita con certificación expedida polo Secretario do Padroado, Don Carlos Alberto Gómez Otero, cúa sinatura lexitimo, por recoñecela a mi presenza, e incorporo.-----

O identifico polo seu D.N.I.- Ten, ó meu xuízo, capacidade para esta escritura de MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS, e,----

----- OUTORGA: -----

Executa o acordos do Padroado da Fundación, tomados en reunión celebrada o 16 de Decembro de 2.008, na forma e modo que resultan de certificación expedida polo Secretario do devandito Órgano, Don Carlos-Alberto Gómez Otero, co Visto e Praece do Presidente, representante de Unión Fenosa, Don Luis Fernando Quiroga Piñeyro, cuías sinaturas lexitimo, por estampalas á miña presenza, e incorporo.-----

Unidos á certificación, figuran os novos Estatutos, extendidos en seis folios de papel co membrete da Fundación, polas dúas caras, excepto o último que o está só por unha.-----





Fundación Aquae Querquennae Via Nova

D. CARLOS A. GÓMEZ OTERO, SECRETARIO DO PADROADO DA FUNDACIÓN AQUAE QUERQUENNAE-VIA NOVA

CERTIFICO

Que Reunido o Padroado da Fundación AQUAE QUERQUENNAE-VIA NOVA o día 16 de decembro de 2008 as 12:00 horas na sede social en Portoquintela-Bande Ourense, coa asistencia dos seguintes patróns, presentes ou representados

- ❖ D. Luis Fernando Quiroga Piñeyro, Presidente
- ❖ D. Carlos A. Gómez Otero, Secretario
- ❖ D. Antonio Rodríguez Colmenero, Vicepresidente e Tesoureiro
- ❖ D. Amadeo Rodríguez Piñeiro, vocal
- ❖ D. Antonio José Ferreira Afonso, vocal
- ❖ D. José Antonio Armada Pérez, Vocal

D. Xosé Benito Reza Rodríguez, vocal delegou o seu voto no presidente do Padroado

Asisten como invitados, D. Alfredo Seara Carballo, en representación da Consellería de Cultura, D. Vicente Salgado, como responsable da contabilidade da Fundación e D. Santiago Ferrer como responsable das escavacións arqueolóxicas

Tomaron por unanimidade os seguintes acordos:

**PUNTO 5.- ESTATUTOS**

O Secretario presenta un documento de Estatutos con algunhas modificacións sobre os presentados na anterior reunión do Padroado e no que se introducen os cambios propostos polos técnicos da Consellería de Cultura.

O Presidente revisa o seu contido e somete a consideración e explicación do resto dos membros as dúbidas de redacción. Acórdase eliminar a disposición adicional primeira por innecesaria, quedando unha única disposición adicional.

Apróbase por unanimidade a proposta presentada con esta modificación.

O texto se engade como anexo a esta certificación.

O que certifico con anterioridade a aprobación da acta e que como Secretario dou fe, co Visto e Prace do Presidente da Fundación para que conste e surta os efectos oportunos expido a presente a 23/01/09.

Vº e Prace

Luis Fernando Quiroga Piñeyro,

Presidente

Carlos A. Gómez Otero  
Secretario



Fundación Aquae Querquennae Via Nova

05/2008

**D. CARLOS A. GÓMEZ OTERO, SECRETARIO DO PADROADO DA FUNDACIÓN AQUAE QUERQUENNAE-VIA NOVA**

**CERTIFICO**

**Primeiro.**- Que a Fundación se constituíu mediante escritura notarial do 2-12-1999, tendo na actualidade plena personalidade xurídica e capacidade de obrar. Por Orde de 2 de xuño de 2000 foi declarada de interese cultural (DOG do 19 de xuño), atopándose inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde de 3 de xullo de 2000 (DOG 19 de xullo).

**Segundo** Que o Padroado da Fundación AQUAE QUERQUENNAE-VIA NOVA, na reunión extraordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2007 que a Fundación AQUAE QUERQUENNAE-VIA NOVA acordou por unanimidade e no punto 1 da orde do día, a seguinte composición do Padroado:

- Presidente, representante de Unión Fenosa, D. Luís Fernando Quiroga Piñeiro
- Vicepresidente primeiro, representante do Concello de Bande, actualmente e segundo certificación do Secretario do Concello, Dona Ana Belén Vázquez Blanco.
- Vicepresidente segundo e tesoureiro: representante do Grupo Larouco, D. Antonio Rodríguez Colmenero.
- Secretario: representante da Universidade de Santiago de Compostela, D. Carlos A. Gómez Otero

Esta composición foi comunicada no seu día ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego e ao Protectorado da Fundación (Consellería de Cultura)

**Terceiro.**- Que D. Luís Fernando Quiroga Piñeiro aceptou o seu cargo e na actualidade é o Presidente da Fundación.

**Cuarto.**- Que, ademais das funcións establecidas nos Estatutos para, o Presidente, o Padroado, na reunión do 10 de novembro do 2000, decidiu delegar no Presidente da Fundación, entre outros, os seguintes poderes de representación:




Fundación Aquae Querquennae Via Nova

#### I - FACILIDADES DE REPRESENTACIÓN

- 1ª. Representar á Fundación "AQUAE QUERQUENNAE-VÍA NOVA", ante toda clase de persoas, entidades, autoridades, Centros, oficinas e dependencias, organismos e institucións, de calquera modalidade e natureza, asociacións, corporacións e fundacións, físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, as Comunidades Autónomas, as provincias, os municipios e demais entes da Administración institucional, paraestatais, paraloais, ou do sector público en xeral, organismos autónomos, entidades xestoras, empresas públicas, nacionais ou mixtas, asociacións sindicais ou empresariais e calquera outras con personalidade ou competencias e atribucións propias, en todo tipo de actos, asuntos, cuestións, negocios, expedientes, procedementos, etc., civís, mercantís, gubernativos, administrativos, laborais, industriais, fiscais, económicos, financeiros, penais, etc., presentando cantas peticións, posicións, pretensións, dereitos e accións podan interesar ó xiro ou tráfico habitual, societario ou empresarial para a consecución dos seus obxectivos e fins.
- 2ª. Representar á Fundación "AQUAE QUERQUENNAE-VÍA NOVA", persoándose e actuando en xeral, no seu nome, ante calquera Xulgados, Maxistraturas, Audiencias ou Tribunais, de tódolos ordes, competencias, xurisdicións e instancias, someténdose ou renunciando os seus foros, competencias e atribucións, tácita ou expresamente, exercitando toda clase de pretensións, accións e dereitos, por calquera título ou concepto, en conciliación, reivindicación ou defensa dos intereses sociais ou empresariais, iniciando e contestando, demandando, denunciando, ou querelando, convido, absténdose, desistindo, aplanándose, reconvidando, alegando, excpcionando, tramitando expedientes, proponendo ou practicando probas e confesións e absolviendo posicións, en toda clase de tipo de preitos, xudiciais, civís, criminais, gubernativos, administrativos, económico-administrativos, contencioso-administrativos, laborais e calquera outros, así como interpoñer reclamacións e recursos, ou contestar a que se interpoña contra a Fundación, tanto ordinarios como extraordinarios, incluídos os de casación e revisión e executar e facer executar ou cumprir sentencias e resolucións en xeral. Poderá así mesmo, acudir a procedementos de arbitraje, tanto no ámbito nacional, como no internacional, designando ou aceptando árbitros e someténdose ós seus dictames e laudos.
- Do resultado das actuacións darase conta ó Padroado.
- 3ª. Recibir, retirar, expedir, asinar toda clase e modalidade de correspondencia e comunicacións escritas da Fundación con terceiras persoas no ámbito da actuacións, incluso notas internas ou informativas ou no referente a reembolsos, valores declarados, xiros, etc., e operacións similares que impliquen cobro ou pago de cantidades na cantidade habitual das mesmas por vía postal, telegráfica ou similar.

O que como Secretario dou fe para que conste e surta os efectos oportunos expido a presente o día 12 de xuño de 2008.

  
Carlos A. Gómez Otero

05/2005



Fundación Aquae Querquennae Via Nova

8Y4603451

**ESTATUTOS DA FUNDACIÓN AQUAE QUERQUENNAE VIA NOVA**

*Aprobados na reunión do Padroado de 16 de decembro de 2008*

**TITULO PRELIMINAR**

**Artigo 1.**

A fundación "AQUAE QUERQUENNAE VIA NOVA" constitúese ao abeiro do artigo 34 da Constitución Española e rexerese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de Interese Galego, e polas disposicións legais aplicables en materia de Fundacións.

A fundación AQUAE QUERQUENNAE VIA NOVA ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, sen outras limitacións que as establecidas nas leis e nos presentes estatutos.

**Artigo 2**

O cumprimento dos fins fundacionais e todo canto a eles atinxe confiaráselles ao seu padroado sen prexuízo do previsto nestes Estatutos e do establecido con carácter xeral e obrigatorio nas disposicións legais aplicables.

**Artigo 3.**

A fundación AQUAE QUERQUENNAE VIA NOVA terá o seu domicilio no Centro de Arqueolóxico Aquis Querquennis. Porto Quintela, Bande (Ourense).

Poderanse establecer delegacións con capacidade de administración, tanto no territorio nacional como no estranxeiro, previo acordo ó efecto, no que se concretarán o domicilio e funcións a desempeñar polas mesmas.

**TITULO I. OBXECTO DA FUNDACIÓN**

**Artigo 4.**

A fundación ten por obxecto protexer, estudar e promocionar o complexo arqueolóxico de "Aquae Querquennae" así como os sectores da "Vía Nova" ligados directamente ao mesmo. Dentro deste obxecto o Padroado terá plena liberdade para determinar a actividade da Fundación, para obxectivos concretos que, a xuízo de aquel, sexan os máis axeitados ou convenientes en cada momento.

Neste senso, podera levar a cabo as seguintes actividades:

- ✓ Facer estudos sobre a romanización de Galicia e en particular sobre o xacemento arqueolóxico de Aquis Querquennis e sobre a rede viaria romana galega sobre todo no que respecta á Vía Nova
- ✓ Organizar Congresos, simposios, cursos e escolas de arqueoloxía.
- ✓ Estudiar e protexer os descubrimentos arqueolóxicos.



b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.

c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.

d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial

e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente.

f) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen ter solicitado a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións.

g) Polo transcurso do período do seu mandato se foren nomeados por un determinado tempo.

h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ó órgano de goberno da fundación.

10.- O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ó protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

#### Artigo 12.

O Padroado terá facultade para designar unha Xunta Reitora á que se lle poderán delegar as funcións de xestión ordinaria da Fundación. Estará composta, como mínimo, por o Presidente, o Vicepresidente, o delegado executivo, de existir, e o Secretario da Fundación.

#### Artigo 13.

O Padroado elixirá de entre os seus membros, un secretario. Excepcionalmente poderase nomear como secretario unha persoa allea ao Padroado. Neste caso terá voz pero non voto. A este órgano corresponderalle a redacción e elaboración das actas e certificación dos acordos do padroado co visto e prace do Presidente.

#### Artigo 14.

O Padroado reunirse cantas veces sexa necesario, convocado polo Presidente ou cando o solicite un terzo dos seus membros.

Nos últimos tres meses de cada exercicio o padroado elaborará e remitirá ao protectorado un plan de actuación no que queden reflectidos os obxectivos, actividades que se pretendan desenvolver e unha previsión de ingresos e gastos cunha memoria explicativa do plan de actuación, obriga que conleva a preceptiva convocatoria da reunión polo Presidente.

Así mesmo, nos seis primeiros meses de cada ano reunirse necesariamente co obxecto de aprobar as contas anuais, liquidación do presuposto ordinario, o balance correspondente ó exercicio anterior e a memoria de actividades desenvolvidas durante o exercicio..

05/2005



Fundación Aquae Querquennae Via Nova

que actuará con idénticos dereitos e obrigas que o titular. No suposto de que o membro do Padroado o sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente lle corresponda a substitución.

#### Artigo 10.

Poderán adherirse á fundación aquelas entidades ou persoas que presenten a súa solicitude e se lles acepte polo Padroado. O acordo e condicións de incorporación esixirán a aprobación por maioría dos dous terzos dos membros. O Padroado poderá nomear "Membro de Honor", en casos excepcionais co título de Presidente, a aquelas persoas físicas ou xurídicas que contribúan de xeito salientable á consecución dos fins e obxectivos da Fundación

#### Artigo 11.

1.- Os cargos dos membros integrantes do Padroado serán de confianza e de carácter gratuito, sempre que a gratuidade se refira exclusivamente ás funcións ordinarias do seu cargo.

2.- Non obstante o anterior o padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles membros do padroado que lle presten á Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño de funcións que lle corresponden como membros do padroado, do que se lle dará conta al protectorado no prazo máximo dun mes

3.- A composición do Padroado poderá modificarse por maioría dos dous terzos dos seus membros, en xunta extraordinaria convocada ó efecto. O acordo será comunicado ó Rexistro de Fundacións de Interese Galego para a súa inscrición no mesmo. En caso de incapacidade para o desempeño das funcións ou falecemento dalgún dos membros, procederáse ó nomeamento dun novo. Esta designación será comunicada ó Rexistro de Fundacións para a súa inscrición no mesmo. A mesma previsión observarase con cantos novos membros se incorporen no futuro á fundación.

4.- Os membros do padroado que sexan persoas xurídicas, deberán nomear a persoa ou persoas físicas que os representen, de acordo coas súas normas de funcionamento.

5.- Todos os patróns deberán deixar constancia da súa aceptación conforme á Lei de Fundacións de Interese Galego.

6.- Os membros do Padroado ostentarán a súa condición de xeito indefinido, podendo ser substituídos polo mesmo procedemento empregado na súa designación.

7.- Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel.

9.- O cesamento dos patróns da fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.

b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.

c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.

d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial

e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente.

f) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen ter solicitado a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións.

g) Polo transcurso do período do seu mandato se foren nomeados por un determinado tempo.

h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

A renuncia será efectiva desde o momento en que se lle notifique ó órgano de goberno da fundación.

10. O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ó protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

#### Artigo 12.

O Padroado terá facultade para designar unha Xunta Reitora á que se lle poderán delegar as funcións de xestión ordinaria da Fundación. Estará composta, como mínimo, por o Presidente, o Vicepresidente, o delegado executivo, de existir, e o Secretario da Fundación.

#### Artigo 13.

O Padroado elixirá de entre os seus membros, un secretario. Excepcionalmente poderase nomear como secretario unha persoa alica ao Padroado. Neste caso terá voz pero non voto. A este órgano corresponderalle a redacción e elaboración das actas e certificación dos acordos do padroado co visto e prace do Presidente.

#### Artigo 14.

O Padroado reunirse tantas veces sexa necesario, convocado polo Presidente ou cando o solicite un terzo dos seus membros.

Nos últimos tres meses de cada exercicio o padroado elaborará e remitirá ao protectorado un plan de actuación no que queden reflectidos os obxectivos, actividades que se pretendan desenvolver e unha previsión de ingresos e gastos cunha memoria explicativa do plan de actuación, obriga que conleva a preceptiva convocatoria da reunión polo Presidente.

Así mesmo, nos seis primeiros meses de cada ano reunirse necesariamente co obxecto de aprobar as contas anuais, liquidación do presuposto ordinario, o balance correspondente ó exercicio anterior e a memoria de actividades desenvolvidas durante o exercicio..



Fundación Aquae Querquennae Via Nova

05/2008

O Secretario, por orde do Presidente, deberá enviar a convocatoria a lo menos con cinco días de antelación. Nela precisárase a orde do día da reunión, o lugar e a hora na que se celebrará.

#### Artigo 15.

O Padroado estará validamente constituído cando estean presentes a maioría absoluta dos seus compoñentes. Os acordos tomaranse por maioría absoluta, agás no caso que a lei indique unha maioría cualificada. No caso de empate o voto da Presidente considérase de calidade.

### TÍTULO III. ÁMBITO TERRITORIAL E REGRAS BÁSICAS PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

#### Artigo 15

A fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 16

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou a reservas segundo acordo adoptado polo padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as donacións recibidas en concepto de dotación.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vivente.

#### Artigo 17

Serán beneficiarios da fundación a Sociedade en xeral e todas aquelas persoas físicas e xurídicas que colaboren no descubrimento e valorización do xacemento arqueolóxico e do Centro de Interpretación. A determinación dos beneficiarios será efectuada, no seu caso, polo padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación., tendo en conta o patrimonio da Fundación e as axudas recibidas.

### TÍTULO IV. PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

#### Artigo 18.

O patrimonio da fundación poderá estar integrado por toda clase de bens, dereitos e concesións, sen outras limitacións que as impostas pola lei.

#### Artigo 19.

O patrimonio da fundación está formado pola dotación inicial e por todos os bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que adquire a fundación, a título oneroso ou gratuito, de entidades públicas ou privadas, de particulares, e, en especial, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados, estes dous últimos sempre a beneficio de inventario.

O alleamento e o gravame dos bens e dos dereitos que formen parte da dotación ou estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais, así como aqueles cuxo importe, con independencia do seu obxecto, sexa superior ao 20 por cento do activo da fundación que resulte do último balance aprobado, deberanlle ser comunicados polo padroado ao protectorado no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa realización.

Enténdese que os bens e os dereitos da fundación están directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais cando se cumpran os criterios do artigo 29 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.

Os restantes alleamentos ou gravames faranse constar anualmente na memoria presentada ao protectorado.

Os alleamentos ou os gravames faranse constar anualmente no Rexistro de Fundacións de Interese Galego ao remate do exercicio económico.

#### Artigo 20.

Os medios económicos para o logro da finalidade fundacional estarán compostos por:

- ... Os froitos ou rendas, produtos ou beneficios do capital ou patrimonio e das actividades que realice a fundación.
- As doazóns "inter vivos", herdanzas, legados e doazóns que reciba, e os demais bens que adquira por calquera título.
- As subvencións que a tal efecto reciba.

#### Artigo 21.

A aceptación de herdanzas pola fundación entenderase feita sempre a beneficio de inventario.

Os patróns serán responsables fronte á fundación da perda do beneficio de inventario polos actos aos que se refire o artigo 1024 do Código civil.

A aceptación de legados con cargas ou doazóns onerosas ou remuneratorias e a repudiación de herdanzas, doazóns ou legados sen cargas seranlle comunicadas polo padroado ao protectorado no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes, e este poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns de os actos do padroado seren lesivos para a fundación, nos termos previstos nesta lei.

#### Artigo 22.

Para asegurar a garda dos bens constitutivos do patrimonio da fundación observaranse as regras seguintes:

- a) Os bens inmoables e dereitos reais inscribíranse no Rexistro da Propiedade a nome da Fundación. Os demais bens susceptibles de inscrición deberán inscribirse nos rexistros correspondentes
- b) Os valores mobiliarios e fondos públicos deberán ser depositados ao seu nome en establecementos financeiros

05/2005



Fundación Aque Querquennece Via Nova

c) Os demais bens mobles, os títulos de propiedade e calquen outro documento acreditativo de dominio, posesión, uso e desfrute ou calquera outro dereito do que sexa titular a Fundación, confíaranse polo propio Padroado á persoa en quen este delegue.

d) Todos os bens da Fundación inventariaranse no Libro de inventarios .

#### Artigo 23.

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio:

- 1.- Un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte
- 2.- Un orzamento, en consonancia co Plan no que se recollerán as previsións de ingresos e os gastos. Nos ingresos figurará canto perciba a fundación por calquen concepto. O estado de gastos conterá as diferenciacións previstas na Lei galega e poderán destinar os excedentes de ingresos a aumentar a dotación fundacional.

#### Artigo 24.

1.- A fundación levará unha contabilidade adecuada á súa actividade, de xeito que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para estes efectos levará necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

2. O padroado da fundación elaborará, en referencia ao anterior exercicio económico, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

No balance de situación expresaranse os bens e os dereitos que conforman o activo da entidade e as obrigas e os fondos propios que forman o seu pasivo.

A conta de resultados comprenderá os ingresos e os gastos do exercicio e, por diferenza, o seu resultado.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance de situación e na conta de resultados relativa ao último exercicio cerrado, e deberá incluír:

- a) Unha descrición das actividades fundacionais realizadas, nos termos regulamentariamente se desenvolvan.
- b) Un inventario dos elementos patrimoniais, cuxo contido se desenvolverá regulamentariamente, onde conste a valoración dos bens, os dereitos e as obrigas da fundación integrantes do seu balance.
- c) O detalle do grao de cumprimento do destino dos ingresos aos fins da Fundación.

d) Información relativa á liquidación do plan de actuación do exercicio rematado, onde se especifique o grao exacto de cumprimento deste, diferenciando entre ingresos e gastos e mais describindo os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas e os convenios que, de ser o caso, se levasen a cabo con outras entidades para o cumprimento da finalidade fundacional.

e) Información sobre as variacións patrimoniais e os cambios nos órganos de goberno, dirección e representación da fundación durante o exercicio.

f) O cadro de financiamento.

g) No seu caso, detalle das sociedades participadas, con indicación da porcentaxe de participación.

3. Os documentos referidos ás contas anuais deberanse elaborar seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan Xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos. As súas contas anuais presentaranse nos modelos abreviados.

Artigo 25.

Os ingresos que por calquera concepto obteña a Fundación serán sempre aplicados ó cumprimento do fin fundacional.

Deberase destinar á realización dos fins fundacionais polo menos o 70 por cento das rendas e dos ingresos obtidos, por calquera título ou causa, logo de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Para calcular os gastos realizados para a obtención das rendas e dos ingresos aos que se refire a alínea anterior poderase deducir, de ser o caso, a parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, excluindo do devandito cálculo os gastos realizados para cumprir os fins estatutarios. Deberase destinar a incrementar a dotación ou as reservas, segundo o acordo do padroado, o resto de rendas e ingresos que non se deban destinar a cumprir as obrigas establecidas.

## TÍTULO V. MODIFICACIÓN, FUSIÓN E EXTINCIÓN

Artigo 26.

O Padroado pode promover a modificación destes estatutos sempre que resulte conveniente para o seu interese e non sexa contraria á vontade dos fundadores e aos fins da fundación

O acordo de modificación deberá ser adoptado polo voto favorable dos dous terzos dos seus membros.

A modificación ou a nova redacción dos estatutos deberá ser formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. A modificación da nova redacción dos estatutos acordada polo padroado teralle que ser comunicada ao protectorado.



Fundación Aquae Querquenne Via Nova

05/2006

Artigo 27.

O acordo de modificación comprenderá necesariamente os seguintes termos:

- a) Exposición razoada da causa determinante da extinción
- b) Xustificación do establecido no artigo anterior
- c) Contido da modificación que deberá apartarse o menos posible destes estatutos
- d) Estudio económico da viabilidade da modificación e o programa de adaptación das instalacións, cando proceda.

Artigo 28.

A fundación poderase fusionar con outra ou con outras fundacións previo acordo do padroado, o que se lle comunicará ao protectorado, coa achega dunha memoria acreditativa das circunstancias que aconsellan a fusión fronte a outras posibles alternativas e da información das condicións pactadas coas fundacións afectadas.

A fusión responderá á conveniencia de cumprir mellor os fins fundacionais e poderase realizar:

- a) Pola absorción doutra ou doutras que se extingan.
- b) Pola creación dunha nova fundación, á cal se lle transmitirán en bloque os patrimonios das fusionadas que se extingan.

A fusión requirirá o outorgamento de escritura pública e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. A devandita escritura pública conterá os estatutos da fundación resultante da fusión, así como a identificación dos membros do seu primeiro padroado. Se da fusión resulta unha nova fundación cuxa inscrición constitutiva deba inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, deberanse efectuar simultaneamente as inscricións de extinción por fusión e de constitución da nova entidade.

Artigo 29.

Procederá a extinción da fundación nos termos establecidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro:

- a) Cando se realizase integramente o fin fundacional.
- b) Cando sexa imposible realizar o fin fundacional, sen prexuízo do disposto na antedita lei
- c) Cando así resulte da fusión e da escisión ás que se refiren os artigos anteriores.
- d) Cando as disposicións da carta fundacional ou dos presentes estatutos sexan legalmente revocadas, alteradas ou modificadas por persoa, autoridade ou xurisdición diferente ó Padroado e sen coñecemento deste
- e) Cando concorra calquera outra causa establecida nas leis ou nestes Estatutos



### Artigo 30.

A extinción da fundación, agás nos supostos nos cales teña lugar como consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que deberá ser realizado polo padroado co control e o asesoramento do protectorado.

O padroado, como órgano de liquidación, deberá realizar as seguintes actuacións:

- a) Confección do inventario de bens e do balance de situación da fundación na data de inicio do procedemento de liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que se deban levar a cabo coas limitacións previstas.
- c) Cobramento de créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de preferencia establecida.
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución daqueles, consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro.

En caso de extinción da fundación o patrimonio aportado inicialmente, caso de non existir outra fundación cos mesmos fins, reverterá á Institución donante. O resto do patrimonio pasará á Xunta de Galicia.

Aos bens e aos dereitos resultantes da liquidación daráselles o destino previsto por estes estatutos e no non previsto, polo que decida o padroado.

Tras seren aprobadas as actuacións de liquidación polo padroado e de adxudicar o haber resultante, estas seranlle comunicadas ao protectorado, que verificará as cancelacións e promoverá as inscricións que procedan, entre elas a extinción da fundación, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### .DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

No momento de aprobación destes Estatutos son membros de pleno dereito da Fundación

- Unión Fenosa
- CaixaNova
- Grupo Larouco
- Universidade de Santiago de Compostela
- Consellería de Cultura e Deporte
- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

8Y4603456



Fundación Aquae Querquennec Via Nova

05/2005

- Consellería de Innovación e Industria
- Concello de Bande
- Deputación de Ourense
- Cámara Municipal de Terras de Bouro

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'J. López', is written over a large, light-colored scribble or stamp that is partially cut off by the right edge of the page.

É PRIMEIRA COPIA LITERAL da sua matriz coa que concorda fielmente e donde queda anotada. Expídoa para a Sociedade en nove folios de papel exclusivo para documentos notariais, serie 8Y, números o presente e os oito anteriores. SANTIAGO DE COMPOSTELA, o doce de Marzo do dous mil nove DOUTE.

